

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

13614 Orde HAP/2469/2014, do 29 de decembro, pola que se modifica a Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión.

O Regulamento (CE) n.º 397/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio de 2009, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1080/2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en materia de subvencionabilidade dos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables nas vivendas e dos gastos xerais, introduce cambios na normativa europea que requiren a modificación da normativa nacional sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, de acordo co artigo 56.4 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1260/1999.

Pola súa parte, o artigo 165 prevé que a Intervención Xeral da Administración do Estado elabore anualmente un plan de auditorías no cal se inclúan as actuacións que se deben realizar durante o correspondente exercicio.

Vistos o artigo 12.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que lles atribúe aos ministros o exercicio da potestade regulamentaria nos termos previstos na lexislación específica e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro.*

Modifícase a letra c) do número 2 das «Normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e o Fondo de Cohesión» aprobadas mediante a Orde EHA/524/2008, que queda redactada da seguinte maneira:

«c) Vivenda.

Non obstante, serán subvencionables os seguintes gastos:

1.º Os gastos en melloras da eficiencia enerxética e de utilización de enerxías renovables nas vivendas de titularidade pública en réxime de alugamento, así como nas de protección oficial ou noutros tipos de vivenda que fomenten a cohesión social e estean incluídos explicitamente nos criterios de selección de operacións dos programas operativos.

2.º Aqueles gastos de vivenda, distintos aos sinalados no ordinal 1º que, no marco dun enfoque integrado en favor das comunidades marxinadas, se limiten ás seguintes intervencións:

1.ª Á renovación das partes comúns das vivendas plurifamiliares existentes.

2.ª Á renovación e ao cambio de uso dos edificios existentes propiedade de autoridades públicas ou axentes sen fins de lucro destinados ao uso como vivenda para familias con baixos ingresos ou persoas con necesidades especiais.

Estas intervencións poderán incluír a renovación ou substitución de vivendas actuais.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, as normas sobre gastos subvencionables que nela se establecen serán de aplicación aos gastos efectivamente pagados a partir do día 1 de xaneiro de 2007 exclusivamente en relación coas axudas cubertas polos programas operativos aprobados pola Comisión correspondentes ao período de programación 2007- 2013.

Madrid, 29 de decembro de 2014. O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.